

# PROPOSTAS DE METAS PLEA PARA EDUCACIÓN INFANTIL

## LECTURA E EXPRESIÓN ORAL

1. No centro existe un tempo de lectura libre.
2. No centro favorécese a ampliación progresiva do vocabulario, traballando o significado das palabras en contexto.
3. No centro trabállase a conciencia fonolóxica mediante distintos tipos de actividades (rimas, xogos de sons, segmentación e aliteracións).
4. No centro empréganse estratexias variadas para axudar á comprensión dos textos desenvolvidos durante a lectura compartida (preguntas básicas, predicións, inferencias, dramatizacións, pequenas instrucións ligadas a textos...)
5. No centro preséntanse diferentes tipos de textos do seu entorno próximo (contos, carteis, listaxes, etiquetas...).
6. No centro empréganse estratexias variadas para avanzar nos prerrequisitos lectores: diferenciación entre debuxo e texto, direccionalidade do texto, lugar onde se comeza a ler, identificación de letras relevantes, recoñecemento do propio nome e o dos compañeiros...
7. Os textos adáptanse ás circunstancias do alumnado (pictogramas, ilustracións...).
8. Emprégase a biblioteca como espazo de goce, información e investigación.
9. No centro promóvese o uso de ferramentas de diagnose e avaliación da competencia lectora.
10. ...

## ESCRITURA

1. A aprendizaxe da lectura e o desenvolvemento da escritura trabállanse no centro de xeito paralelo, promovendo a relación entre sons e letras en palabras coñecidas.
2. No centro empréganse estratexias variadas para avanzar nos prerrequisitos da escritura: direccionalidade (esquerda-dereita, arriba-abaixo), diferenciación entre letras e números...
3. No centro facilítanse experiencias variadas para o desenvolvemento da motricidade fina, da coordinación óculo-manual e do trazado de letras mediante diferentes materiais.
4. Introdúcese a escritura do propio nome, dende o modelado ata a autonomía progresiva.
5. No centro introdúcese a escritura como medio de expresión e comunicación desde situacións significativas, creativas e cotiás da aula: xogos simbólicos, murais, listas, carteis, debuxos, mensaxes, experiencias STEAM, vocabulario recén aprendido..).
6. No centro promóvese o uso de ferramentas de diagnose e avaliación da competencia escrita.
7. ...

## ACCESO Á INFORMACIÓN

1. No centro empréganse os recursos e espazos da biblioteca escolar e da sección de aula nas actividades de información, diferenciando entre libros de ficción e non ficción e introducindo ao alumnado na organización da mesma (introdución á CDU).
2. No centro trabállase o recoñecemento das fontes de información (libros, carteis, pictogramas, recursos dixitais, sinais, medios de información, persoas...)
3. No centro promóvese a participación en actividades guiadas de busca, selección e integración de información, así como en proxectos de investigación colectivos, intercambiando ideas e rexistrando achados.
4. Proponse a participación en presentacións ou exposicións grupais, empregando distintas linguaxes (oral, gráfica, corporal ou escrita) e incorporando novo vocabulario.
5. ...